

2º BAC. CIENCIAS DA TERRA. 3ª AVALIACIÓN.

NOME:


Exercicio nº1. (3 puntos)

Responde a catro das seguintes cuestións relacionadas co texto

“Moitos casos de contaminación de pozos privados por descargas descoidadas foron descubertos só despois de que a xente padecera enfermidades 'inexplicables' durante longos períodos. Anque estes incidentes non recibiron atención pronta das autoridades públicas os danos permaneceron localizados na área local. As secuelas e as probas nas augas freáticas do abastecemento de auga potable apuntaban á presenza de sustancias sintéticas de alta toxicidade e tamén de axentes de orixe biolóxico”

- Define o concepto de contaminación. (0,5)
- Analiza cales son os principais axentes contaminantes da auga.
- Valora o impacto producido polo verquido de 10 Tm de xurro procedente dunha fosa doméstica nun prado preto dun acuífero e dun río. (1,5)
- Indica catro medidas a ter en conta para poder eliminar ou reducir ou anular os posibles impactos producidos por un verquido de sustancias tóxicas na auga.
- Explica o problema dos lixiviados nos vertedoiros e as medidas a ter en conta para controlar o problema.

Exercicio nº 2. (1,5 puntos)



Describe o clima e o bioma a que fai referencia o seguinte climograma.

Exercicio nº3. (1,5 puntos)

Efectúa unha análise dos principais problemas da auga en España e en Galicia. Indica os impactos e riscos máis salientables, as medidas correctoras, as iniciativas legislativas e as medidas a nivel persoal que poderían paliar os problemas.

Exercicio nº4. (2 puntos)

Define os seguintes conceptos:

DQO, infiltración, carga dun caudal, eutrofización, fluxo dunha corrente, GAS, dioxina, uso consuntivo.

Exercicio nº5. (2 puntos)

Constrúe catro frases usando para cada unha tres palabras da seguinte lista:

Expansivos, ascendencia, caladoiro, eutrofización, liques, deriva, presión, algas, arxilas, agricultura, erosión, risco, borrasca, simbiose, escorrentía, bioindicadores, esgotamento, desprazamento, pesca, praguicidas.